

1.- A NOVA MONARQUÍA DOS REIS CATÓLICOS (UNIÓN DINÁSTICA, REORGANIZACIÓN POLÍTICO ADMINISTRATIVA)¹.

ORIENTACIÓNS DA CIUG: Nesta pregunta o alumnado deberá referirse á unión dinástica das Coroas de Castela e de Aragón a través do matrimonio de Sabela de Castela e Fernando de Aragón, explicando a reorganización político-administrativa que tivo lugar, sobre todo, en Castela a través de novas institucións. Tamén se debe sinalar que o devandito proceso completouse coa utilización de institucións relixiosas, como a Inquisición, con fins políticos e que tivo como un dos seus principais obxectivos lograr o sometemento da nobreza.

Estudo para a PAU: Centrarse na unión dinástica e a reorganización político administrativa.

Sabela de Castela, irmá do rei Henrique IV, casa en segredo co herdeiro ao trono aragonés, Fernando de Aragón en 1469. Coa morte do rei de Castela, Sabela pugna polo trono ao mesmo tempo que a súa sobriña, Xoana, chamada "A Beltranexa". Isto dará lugar a unha guerra civil no reino. Xoana foi apoiada polo rei de Portugal, Afonso V, e o rei de Francia ademais de membros da alta nobreza que temían unha monarquía forte e autoritaria. Sabela foi apoiada polo rei de Aragón, Xoán II, pola pequena nobreza e oligarquía das cidades. A derrota dos partidarios de Xoana na batalla de Toro (1476) marcou o desenlace da guerra civil.

Ese mesmo ano, Fernando é coroado rei de Aragón. Culmínase así a unión entre estes dous reinos, na chamada Monarquía Hispánica. Con todo, non será unha unión nun só reino, senón que será unha unión dinástica. En ningún caso implicaba unha unión política de ambos reinos. Cada unha das coroas conservou a súa personalidade, con leis, e institucións propias e diferenciadas, manténdose tamén as fronteiras e as aduanas entre elas.

Os Reis Católicos son considerados dentro da Historia de España como os monarcas que inician a transición do medievo á modernidade. Acometeron unha serie de reformas administrativas e políticas orientadas a fortalecer o poder dos monarcas fronte a nobreza, marcando o nacemento dunha monarquía autoritaria e forte e extinguindo a feudal. O proceso foi máis efectivo en Castela, en parte porque as circunstancias do acceso ao trono de Sabela permitiron castigar a facción nobiliaria contraria (confiscación de señoríos). Entre as medidas acometidas podemos destacar:

Expansión territorial

Unha vez a súa unión queda consolidada, os RRCC inician unha política expansiva, coa finalidade de ampliar o seu territorio e a unificación relixiosa da península. Así, levan a culminar a conquista do Reino Nazarí de Granada o 2 de xaneiro de 1492, a reintegración do Rosellón e a Cerdeña (1493), a conquista das Illas Canarias (1496) e o descubrimento de América por parte de Colón. No ano 1512, a Coroa de Castela anexionará o Reino de Navarra.

A reforma do goberno central.

- Comezou a organizarse un sistema de consellos para atender as diversas áreas de goberno. Reorganizouse o **Consello Real ou de Castela** (1480), que constituirá o principal órgano de goberno e será a instancia xudicial superior.
- A introdución de funcionarios reais con formación xurídica profesionalizou este organismo e mingou o poder da nobreza. Ademais, creáronse outros consellos que foron de dous tipos: os territoriais (Navarra, Aragón) e os temáticos (Facenda, Indias e Inquisición).

¹Para a redacción desta pregunta consulte o manual de Historia de España da Editorial Baía, o material de Andrea Montero do IES da Guía [<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/aulavirtual/course/view.php?id=37>], do IES San Rosendo [https://www.edu.xunta.gal/centros/iesosanrosendo/aulavirtual/course/view.php?id=2^*]

- Estas modificacións reduciron o papel das Cortes de Castela (reunión dos estamentos privilexiados e os representantes das principais cidades). A súa importancia política foi decaendo e só foron convocadas para xurar aos herdeiros no seu cargo ou para reclamar algún subsidio extraordinario.
- Establecéronse novos cargos de goberno: Os **secretarios reais** que se encargaban de mediar entre os diferentes consellos e os monarcas e os **vicereis**, que representarían aos soberanos naqueles territorios que pola súa distancia facía imposible a presenza dos reis.
- A monarquía dotouse dun corpo de embaixadores para potenciar a súa activa política exterior.

A reforma do sistema xudicial.

- Creouse un sistema xudicial centralizado, graduando a importancia dos tribunais: as **Audiencias** (Galiza e Sevilla) e as **Chancelerías** (con sedes en Valladolid e Granada) como tribunais reais de apelación e o **Consello Real** de Castela como última instancia xudicial. O fortalecemento da xustiza real supuxo un duro golpe para a nobreza ao impoñerse por riba do sistema xudicial feudal desempeñado polos señores nos seus territorios. En Aragón había unha audiencia para cada un dos reinos, mais alí os señores conservaban gran parte das súas atribucións xudiciais.

A reforma do goberno local.

- A nivel urbano instaurouse o cargo de **corrixidor**, posto de designación real que se encargaba do goberno municipal e tiña competencias administrativas, xudiciais e militares. A súa actuación freou o poder das oligarquías locais (nobreza e burguesía) en favor da autoridade real.

A reforma militar

- A nivel de seguridade, destaca a organización da **Santa Irmandade**, un corpo policial creado para manter a orde pública e pacificar o mundo rural e a creación dun exército permanente, pagado pola monarquía e independente da nobreza, aínda que esta conservaba os cargos relevantes.

A política relixiosa

- Xunto coa figura do monarca, a única institución común aos reinos foi a **Inquisición**² (1478), tribunal encargado de manter a ortodoxia relixiosa católica. Por medio dela buscábase a cohesión da poboación e foi acompañado da represión ás outras confesións, como mostra a expulsión dos xudeus en 1492 ou as conversións forzosas de mudéxares³. Tamén fomentaron as regalías⁴, que supuñan entre outras cousas, un control no nomeamento dos bispos. A Inquisición serviu como arma de control do poder local e nobre.

Na Coroa de Aragón as reformas tiveron menos importancia. A tradición pactista e a fortaleza das institucións forais limitaron a reafirmación da autoridade rexia. Con todo, Fernando conseguiu a fin dos malos usos nobiliarios da Sentenza Arbitral de Guadalupe e, debido ao absentismo do rei, nomeou un representante real (primeiro lugartenente, logo **vicereí**) en cada estado de Aragón e creou o **Consello de Aragón** con amplas funcións políticas. A introdución da Inquisición, baixo o poder do monarca, reforzou as súas competencias nestes reinos. Malia que a centralización castelá contrasta coa situación en Aragón, os Reis Católicos sentaron as bases do estado moderno e da monarquía autoritaria nos seus reinos.

² Tribunal eclesiástico creado polo papa en 1478 para perseguir as herexías. Á súa cabeza estaba o Inquisidor xeral nomeado polo rei. O primeiro foi Frei Tomás de Torquemada.

³ Musulmáns que permaneceron no territorio dos RRCC tras a conquista de Granada. Despois da rebelión das Alpuxarras deberon escoller entre a conversión ou marchar. Foron denominados mouriscos e serán expulsados de España 1609 por orde de Filipe III.

⁴ Dereito dos reis a intervir na Igrexa do seu país.